

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE NOVEMBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 11 de novembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, vogal xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2, 4, 8, 9, 10 e 11d)
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste ao punto 11b)
D. Gilberto Moldes Crespo, vogal xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. CONTITRADE ESPAÑA, S.A.
2. EUROMÁSTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS, S.A.U.
3. GRUDEMABA, S.L.
4. NEUMÁTICOS SOLEDAD, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá aclarar dúas cuestións:

- Se concorre a esta licitación co solvencia de terceiros: indica o licitador na Parte II do DEUC que non se basea na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección, se ben presenta o Anexo III ao PCAP “Declaración de posta a disposición de medios por un terceiro” asinado polo representante nomeado por NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. onde indica que porá a disposición desta empresa os talleres de automoción de DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. para integrar a súa solvencia.

Se o licitador ten intención de concorrer a esta licitación coa solvencia dun terceiro, DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L., deberá facelo constar no DEUC (na parte II citada), presentar un DEUC debidamente cuberto polo terceiro e presentar un novo Anexo III asinado por persoa con poder de representación do terceiro no que se comprometa a poñer a súa solvencia a disposición do licitador.

Se o licitador non achega a referida documentación entenderase que non ten intención de concorrer á licitación coa solvencia dun terceiro, polo que en caso de resultar clasificado en primeiro lugar neste procedemento non poderá acreditar a súa solvencia a través de terceiros.

- Se pertence ou non a un grupo de empresas: o licitador declara no Anexo II ao PCAP que non pertence a un grupo de empresas pero no Anexo III consta un selo de NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. - GRUPO SALCO. O nome deste grupo tamén figura no enderezo electrónico que se sinala no DEUC.

Se o licitador pertence a un grupo de empresas deberá declarar tal circunstancia presentando un novo Anexo II. En caso contrario, admitirase o declarado no Anexo II xa presentado.

A pertenza a un grupo de empresas é relevante para identificar as ofertas incursas en presunción de anormalidade (artigo 149.3 da LCSP).

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo para emenda de documentación a un dos licitadores presentados.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)" (613-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 14 de outubro de 2020 en cumprimento do acordado na sesión do 13 de outubro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
2. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Durante o prazo concedido, ambos os dous licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 5 de novembro de 2020 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen en ambos casos "*Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
2. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)" (613-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 6 de novembro de 2020 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe rectificativo do anterior de data 9 de novembro que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)" (613-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 5 de novembro de 2020:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
2. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)” (613-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	24.810,83 €
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L	24.150,01 €
3	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	23.854,15 €
4	OBRAS GALLAECIA SL	22.966,85 €
5	RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA SL	22.954,75 €
6	EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO,SA	22.083,55 €
7	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L	21.986,75 €
8	NAROM SL	20.961,17 €
9	CONSTRUCCIONES FECHI, SL	17.941,49 €
10	PROYECON GALICIA,S.A.	17.043,90 €
11	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI SL	16.511,11 €
12	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	15.689,98 €
13	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	14.364,96 €
14	VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.	13.826,73 €
15	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	13.482,62 €
16	ENDENOR, MTO Y SERVICIOS SL	11.799,12 €
17	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	9.294,75 €
18	ORECO SAU	5.263,25 €

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (B-36.816.189), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

I. "A aprobación do expediente de contratación numerado como 12650/111, de contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, coas características definidas nos pregos.

II. A aprobación do Prego de prescricións técnicas do 7 de abril do 2020 redactado pola Asesoría Xurídica e o Prego de cláusulas administrativas particulares do 1 de xuño do 2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente, para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco.

III. A aprobación do gasto máximo por importe de 283.702,56 € (17.731,41 € para a anualidade de 2020, 70.925,64 € para a anualidade de 2021, 70.925,64 € para a anualidade de 2022, 70.925,64 € para a anualidade de 2023 e 53.194,23 € para a anualidade de 2024, para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").

Os importes anteriores incrementaranse co importe correspondente ao tipo impositivo do IVE, sendo na actualidade do 21%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV. A aprobación do gasto máximo por importe de 300 €, para atender os gastos notariais relativos ao documento de apoderamento en favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").

A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da renuncia das proposicións presentadas por D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA nos lotes 2 e 3 deste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1: partido xudicial de Vigo

1. María Jesús Nogueira Fos: 72,75 puntos
2. Paula Llordén Fernández Cervera: 67,5 puntos
3. Sagrario Queiro García: 58,5 puntos
4. Jesús Antonio Puelles Casal: 51,5 puntos

- LOTE 2: partido xudicial de A Coruña

1. Garrido Procurador e Asociados S.L.P.: 70,5 puntos
2. Begoña Millán Iribarren: 58,5 puntos

- LOTE 3: partido xudicial de Madrid

1. María del Mar Villa S.L.: 59,75 puntos

Terceiro.- Requirir aos 4 licitadores clasificados en primeiro lugar no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; aos 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e á única licitadora clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incursos en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)".

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos candidatos clasificados no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; aos 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e á única clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., o día 15 de outubro de 2020, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo a María del Mar Villa S.L. e D^a. Sagrario Queiro García para que puidesen emendar a documentación presentada. A Mesa acordou que a documentación presentada polos demais candidatos clasificados era correcta.

Dentro do prazo concedido para o efecto, María del Mar Villa S.L. e D^a. Sagrario Queiro García presentaron nova documentación.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada por María del Mar Villa S.L. e D^a. Sagrario Queiro García, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación destes procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar no lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e Jesús Antonio Puelles Casal; os 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e a única clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante é a formulada por lote 1: María Jesús Nogueira Fos, Paula Llordén Fernández Cervera, Sagrario Queiro García e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 7 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Jesús Antonio Puelles Casal; os 2 licitadores clasificados no lote 2: Garrido Procurador e Asociados S.L.P. e Begoña Millán Iribarren; e a única clasificada no lote 3: María del Mar Villa S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 24 de setembro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da renuncia das proposicións presentadas por D^a. SAGRARIO QUEIRO GARCÍA nos lotes 2 e 3 deste procedemento.*

2. *Adxudicar o acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procuradoría dos tribunais (12.650-111) aos seguintes licitadores cunha redución do 12% sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes:*

- *LOTE 1: partido xudicial de Vigo*

- 1. María Jesús Nogueira Fos*
- 2. Paula Llordén Fernández Cervera*
- 3. Sagrario Queiro García*
- 4. Jesús Antonio Puelles Casal*

- *LOTE 2: partido xudicial de A Coruña*

- 1. Garrido Procurador e Asociados S.L.P.*
- 2. Begoña Millán Iribarren*

- *LOTE 3: partido xudicial de Madrid*

- 1. María del Mar Villa S.L.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de "traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas", conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente en data do 26/03/2020, polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas da Área de Servizos Xerais e o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 13/04/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 112.123,38 €, sendo a cota correspondente ó IVE de 19.459,42 €, resultado o importe de cada lote o seguinte:

*lote 1 importe: 30.745,24 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.335,95 €
lote 2 importe: 30.391,05 €, sendo a conta correspondente o IVE de 5.274,48 €
lote 3 importe: 20.092,76 €, sendo a conta correspondente o IVE de 3.487,17 €
lote 4 importe: 15.087,74 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.618,53 €
lote 5 importe: 15.806,59 €, sendo a conta correspondente o IVE de 2.743,29 €*

con cargo a partida orzamentaria de gasto é "1721.227.00.01 Limpeza do río Lagares e outros" e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP".

Con data do 11 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local acordou rectificar o prego de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cláusulas administrativas particulares aprobado no acordo anterior no senso de corrixir a clasificación alternativa e o modelo de proposición económica.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2020, de FORESTAL SANTOMÉ, S.L. e EMDESFOR 2002, S.L. dos 5 lotes deste procedemento por non acadar o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “tramo 1”

	Licitadores	Puntuación total
1	GROMA OBRAS, S.L.	81,83
2	LAPATIAN, S.L.	80,77
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	80,37

- Lote 2 “tramo 2”

	Licitadores	Puntuación total
1	GROMA OBRAS, S.L.	81,83
2	LAPATIAN, S.L.	80,05
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	79,57

- Lote 3 “tramo 3”

	Licitadores	Puntuación total
1	LAPATIAN, S.L.	80,45
2	GROMA OBRAS, S.L.	80,33

- Lote 4 “tramo 4”

	Licitadores	Puntuación total
1	LAPATIAN, S.L.	81,47



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2	GROMA OBRAS, S.L.	79,88
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	79,57

- Lote 5 "tramo 5"

	Licitadores	Puntuación total
1	LAPATIAN, S.L.	81,47
2	GROMA OBRAS, S.L.	80,33
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	79,48

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5) (B-36.940.989) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), o día 9 de outubro de 2020, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo a GROMA OBRAS, S.L. e LAPATIAN, S.L. para que puidesen emendar a documentación presentada.

Os licitadores presentaron nova documentación dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) e (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 12 e 21 de setembro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2020, de FORESTAL SANTOMÉ, S.L. e EMDESFOR 2002, S.L. dos 5 lotes deste procedemento por non acadar o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. *Adxudicar os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) a GROMA OBRAS, S.L. (B-70.484.811) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 1 é de 30.745,24 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 5.335,95 euros cunha porcentaxe de desconto do 12,21% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1 e 2.*
 - *O prezo total do lote 2 é de 30.391,05 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 5.274,48 euros cunha porcentaxe de desconto do 11,85% a aplicar aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. *Adxudicar os lotes 3, 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) a LAPATIAN, S.L. (B-36.940.989) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do lote 3 é de 20.092,76 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.487,17 euros cunha porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.*
- *O prezo total do lote 4 é de 15.087,74 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.618,53 euros cunha porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.*
- *O prezo total do lote 5 é de 15.806,59 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.743,29 euros cunha porcentaxe de desconto do 10,00% a aplicar unicamente aos prezos unitarios do traballo tipo 1, 2 e 3.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data 9 de novembro de 2020, o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia comunicou a este Concello a interposición do recurso especial en materia de contratación interposto por D^a. Ana Muñoz Rubio, en nome e representación de EULEN, S.A., contra a resolución de data 19 de outubro de 2020 pola que se lle exclúe deste procedemento por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e solicita a suspensión do procedemento.

A continuación lembra que con data do 4 de novembro de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do 30 de outubro, concedeuse un prazo ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., para que puidese emendar a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. O 9 de novembro de 2020, dentro do prazo concedido, o licitador presenta documentación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo. Consta certificado positivo da Tesourería municipal de data 11 de novembro de 2020 anexado ao expediente. En consecuencia, a Mesa considera que a documentación presentada por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. é correcta.

No entanto, á vista do recurso presentado por EULEN, S.A. a Mesa acorda, por unanimidade, non formular proposta de adxudicación mentres non resolva o recurso interposto o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 13 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA E RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE FRAGOSELO-CORUXO".

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13.07.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (554.350,96 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 96.209,67 €.

O importe total atópase dividido segundo a seguinte distribución en lotes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	IMPORTE SEN IVE	IVE	PREZO
LOTE 1 (A GUÍA)	282,597.96 €	59,345.57 €	341,943.53 €
LOTE 2 (FRAGOSELO)	175,543.33 €	36,864.10 €	212,407.43 €
TOTAL	458,141.29 €	96,209.67 €	554,350.96 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (INVEST. MELL. CAMPOS FÚTBOL, COOF. DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de setembro de 2020, de OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. nos dous lotes deste procedemento, por ter emendado a documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos fóra do prazo concedido.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2020:

1. OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
2. URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1: campo de fútbol da GUÍA

Orde	Empresas licitadoras	Puntuación total
1º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,99
2º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	81,79



3º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	61,05
4º	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	23,74
5º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	13,65

Lote nº 2: campo de fútbol de FRAGOSELO

Orde	Empresas licitadoras	Puntuación total
1º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	94,33
2º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	86,88
3º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	77,85
4º	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	19,12
5º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	13,65

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 27 de outubro de 2020, que presenta a documentación requirida o 9 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de setembro e 21 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de setembro de 2020, de OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. nos dous lotes deste procedemento, por ter emendado a documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos fóra do prazo concedido.*
2. *Tomar razón da exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se indican por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2020:*
 - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (lote 2)
 - URBAN GLOBAL 2018 S.L. (lotes 1 e 2)
3. *Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do lote 1 "A Guía" é de 339.378,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.900,48 euros.*
 - b) *O prezo total do lote 2 "Fragoselo" é de 210.814,38 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.587,62 euros.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por D. Alberto Domínguez Crispín, en nome de CLECE, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación deste contrato así como das alegacións complementarias interpostas o 23 de outubro. A Xunta de Goberno local tomou razón do recurso e das alegacións complementarias nas sesións de datas 22 e 29 de outubro de 2020.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 14:57	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AB45-CCBAB5-D3B3EE-RW6X98-2MV2P3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		